



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o ente público Portos de Galicia e o Concello de Pontedeume en relación coas actuacións no dominio público portuario para a execución e mantemento da obra “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I, Concello Pontedeume (A Coruña)”

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas

Entre outras competencias, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, correspóndelle a esta entidade a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

Correspóndelle ao ente público Portos de Galicia, entre outras competencias, o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizos e as súas futuras ampliacións, de acordo co establecido na Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.

2 O 30.08.2016 asinouse un convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontedeume para a execución de actuacións de “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)”, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, por un importe de catro millóns trescentos mil euros (4.300.000,00€).

Coa a citada actuación preténdese reformar a rede principal de saneamento de Pontedeume, conseguindo con elo evitar as infiltracións de auga mariña na rede principal, eliminar os alivios da





rede á ría de Pontedeume, dimensionar os novos colectores adecuándoos as necesidades actuais e regular os caudais enviados á EDAR en tempo de choiva. Con estas actuacións, mellorarase o tratamento e xestión das augas residuais ao municipio e minimizarase os vertidos á ría de Pontedeume.

Para a execución das obras de referencia cómpre ocupar terreos pertencentes ao Dominio Público Marítimo-Terrestre e Zona de Servidume, e están incluídas na zona de adscrición do Porto de Pontedeume, competencia de Portos de Galicia. Con este convenio preténdese regular as súas relacións entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o ente público Portos de Galicia e o Concello de Pontedeume en relación coa posta a disposición de terreos, execución, titularidade, mantemento, limpeza e mellora da parte da obra que discorre polo Porto de Pontedeume, que figura no anexo I ao convenio de referencia.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co ente público Portos de Galicia e o Concello de Pontedeume o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura, estendendo a súa vixencia durante o tempo de execución das obras e o seu prazo de garantía. En todo caso a data límite da súa vixencia será ata o 31.12.2019.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o ente público Portos de Galicia e o concello de Pontedeume, para determinar as condicións nas que o ente público Portos de Galicia autoriza a execución das obras que se definen no proxecto "Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)", de clave OH.315.1047, na parte que se desenvolve no dominio público portuario (no Porto de Pontedeume) e pon a disposición libres de cargas os terreos que resulten necesarios para a execución das anteditas obras na zona do Porto de Pontedeume.

5 A sinatura deste convenio non implica a asunción de ningún compromiso de gasto para Augas de Galicia polo que non precisa consignación orzamentaria.

6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.





Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia
Roberto Rodríguez Martínez
(*asinado dixitalmente*)

